



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

*Travesa dos Basquiños 9, baixo*

*15.704 Santiago de Compostela*

*Tfno e fax: 981-570099*

*Correo: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)*

*Páxina electrónica: [www.adega.info](http://www.adega.info)*

## **AO VALEDOR DO POBO**

**ASUNTO: Escrito de ADEGA ao solicitando o non arquivo do expediente C.6.Q./109/13, baseado na aportación de novos datos e documentos.**

Fins Eirexas Santamaría, D.I: XXXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) C.I.F. G15044811, no seu nome e en representación desta entidade, EXPÓN:

ADEGA recibiu resposta do Valedor do Pobo o pasado día 2 de setembro de 2013 en relación ao Expediente C.6.Q./109/13 e baseado na solicitude feita por ADEGA requirindo a intervención do Valedor do Pobo ante a falta de resposta por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DXCN) sobre o contido do Plan de Conservación da lagoa da Frouxeira e as condicións da súa contratación.

ADEGA quere manifestar de novo a súa queixa **por entender que non se da resposta á petición formulada**. Para amosar esa disconformidade **apórtanse novos documentos e datos** co obxecto que non se dé por pechado este expediente e se requira de novo a documentación e información solicitada á Dirección Xeral de Conservación da Natureza en relación ao Plan de Conservación do humidal da Frouxeira.

Partimos de que a elaboración de calquera plan de xestión conta cunha fase inicial de redacción por un equipo e unha fase de validación por parte da administración e o equipo redactor. A partir de aí se inicia un proceso no que se informa e complementa con outras administracións e entidades para finalmente iniciar o proceso de exposición pública. Desde o inicio ata o final o lóxico é que exista difusión e participación neste proceso como se recolle na normativa ambiental e nos acordos internacionais. Neste proceso de redacción do Plan de Conservación do Humidal da Frouxeira entendemos que os documentos iniciais deben estar terminados **cando a administración que o promove, a DXCN, utiliza este documento en expedientes e escritos oficiais para realizar actuacións no humidal**. Non poden dicir que o documento non está validado, está claro que a validación inicial xa está concluída cando este “Plan ou documento técnico do Plan” se emprega e comunica a outras administracións.

Entre a nova documentación que ADEGA aporta ao Valedor do Pobo se inclúen os seguintes **catro escritos**, que mencionan o “Plan” ou o “o documento técnico do Plan”, obtidos do propio concello de Valdoviño e que se achegan en arquivos adxuntos:

1. Escrito de solicitude do concello de Valdoviño con data 5 de novembro de 2012 e dirixido ao Servizo de Conservación da Natureza da Coruña dependente da Dirección Xeral de Conservación da Natureza solicitando a intervención na lagoa da Frouxeira.
2. Comunicación por Fax do Servizo de Conservación da Natureza da Coruña con data 8 de novembro de 2012 ao alcalde de Valdoviño remitindo o escrito que este Servizo lle envía a Costas comunicándolle a apertura da lagoa.
3. Escrito remitido polo Xefe do Servizo de Conservación da Natureza Carlos Muñoz Martínez con data do 7 de novembro de 2012 a dirixido a Costas do Estado e Galiza onde se lle comunica que o 8 de novembro de 2012 procederase a abrir a lagoa da Frouxeira. Este escrito recolle que **“a intervención realizarase de acordo co sinalado no documento técnico do Plan de conservación do humidal protexido areal e lagoa da Frouxeira”**. Ademais de recoller este escrito algúns datos do Plan tamén recolle que **“se lle comunica seguindo instrucións da Dirección Xeral de Conservación da Natureza”**.
4. Escrito de autorización do Servizo de Conservación da Natureza da Coruña, asinada polo Xefe do Servizo Carlos Muñoz Martínez, e dirixida ao concello de Valdoviño con data do 23 de novembro de 2012 autorizando de novo a apertura da lagoa. Escrito que recolle que a apertura **“executarase segundo o sinalado no Plan de conservación do humidal protexido areal e lagoa da Frouxeira”**.

Por conseguinte, si Costas do Estado en Galiza e o concello de Valdoviño teñen coñecemento deste documento tamén organizacións como ADEGA teñen dereito a coñecer del, do contrario, prohibir o acceso a este documento, que forma parte de expedientes administrativos desde alo menos o 7 de novembro de 2012, supón que a DXCN, está a vulnerar os dereitos dos cidadáns á información e participación pública.

Eses documentos amosan que en **novembro de 2012** realizáronse intervencións sobre o espazo natural protexido baseándose no **Plan de de consevación do humidal protexido areal e lagoa da Frouxeira** ou no **documento técnico do Plan de conservación do humidal protexido areal e lagoa da Frouxeira**. Polo tanto, consideramos que se se está empregando un documento na xestión directa do espazo este debería ser aportado pola DXCN e non ocultalo.

1. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza intenta desculpase manifestando a imposibilidade de respostar nos prazos establecidos na lei de 27/2006 de dereito a información ambiental previa solicitude ante a petición do 1 de abril de 2013 indicando a gran demanda de información que se produce. Esta resposta non ten sentido, a petición que estaba a formular ADEGA era fácil de respostar, ADEGA solicitaba **un documento que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza leva empregando, alo menos, desde novembro de 2012 na xestión directa** do espazo natural protexido por 6 figuras de protección ambiental (como recollen os escritos asinados polo Xefe de Servizo de Conservación da Natureza achegados). Se ese documento é válido para xestionar un espazo natural protexido, documento coñecido polo concello de Valdoviño e por Costas do Estado en Galiza, **tamén ten que ser válido para ser coñecido pola sociedade**, cando con base a el se está a proceder a abrir a lagoa da Frouxeira reiteradamente.
2. A DXCN manifesta que o documento solicitado “está en elaboración, e que se ben existe un documento técnico do IBADER é preciso un proceso de validación-

corrección por parte de unidades técnicas, xurídicas e administrativas” e se basean en no aportalo “*na excepcionalidade de non aportar material en curso de elaboración ou documentos ou datos inconclusos*”. Sen embargo, este argumento **non xustifica a negativa de aportar o Plan de conservación ou o documento técnico**, xa que como se indicou anteriormente se está empregando e se menciona en escritos oficiais na xestión do humidal protexido.

Dá a sensación que a DXCN intenta confundir entre o documento técnico e o Plan de Conservación en elaboración. Se o que se está empregando na xestión da lagoa é o documento do IBADER, ADEGA solicita este documento redactado polo IBADER.

3. Contra o que manifesta a DXCN os aspectos da contratación tampouco están aclarados. Non chega con dicir que a contratación se fixo a través dun contrato menor e non aportar nada máis que o prezo e o adxudicatario. Este contrato menor obriga tamén á existencia **dun expediente de contratación, expediente que ten que incluír, entre outros, memoria, financiación, ofertas, período de execución, data de entrega do documento definitivo por parte do IBADER, data de facturación do IBADER, data de cobro do devandito traballo**. ADEGA non considera contestado este apartado e require de novo esa información.

Portanto, ADEGA non está de acordo coa resposta aportada pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza ao Valedor do Pobo.

Consideramos que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza minteu ao Parlamento de Galiza e ademais oculta información ao Valedor do Pobo. Como se recordará derivada da situación xerada tras a apertura intencionada da lagoa que provocou a súa alteración hidrolóxica no ano 2009, o **Parlamento Galego**, adoptou un acordo en 2010, por unanimidade de todos os grupos políticos, que instaba á Xunta de Galiza, **a buscar unha xestión racional e coherente cos obxectivos de conservación do humidal, e non autorizar, con carácter cautelar, novas aperturas da lagoa, comprometéndose a Xunta de Galiza a aprobar un Plan de Conservación da lagoa antes de volver a abrir a lagoa**.

Finalmente, e en base na nova documentación e información achegada, ADEGA SOLICITA ao Valedor do Pobo que interceda de novo ante a DXCN para obter a información solicitada, consistente no:

- **Plan de Conservación do humidal protexido areal e lagoa da Frouxeira ou o documento técnico.**
- **Expediente de contratación do contrato menor** (memoria, financiación, período de execución, ofertas, data de entrega do documento definitivo por parte do IBADER, data de facturación do IBADER, data de cobro do devandito traballo e copia do traballo entregado polo IBADER).

O artigo 21, da Lei do Patrimonio e a Biodiversidade refírese á “Elaboración e aprobación dos Plans”. No punto 2 indica: O procedemento de elaboración dos Plans incluírá **necesariamente trámites de audiencia aos interesados, información pública e consulta dos intereses sociais e institucionais** afectados e das organizacións sen fins lucrativos que persigan o logro dos obxectivos desta Lei. O artigo 105.a), da Constitución establece que a lei regulará a audiencia dos cidadáns, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola Lei, no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que os afecten. A audiencia dos cidadáns no procedemento de elaboración das disposicións

administrativas que lles afecten conéctase con naturalidade co dereito dos cidadáns a participar nos asuntos públicos (artigo 23.1 da Constitución), pois, en definitiva, non constitúe senón unha manifestación do talante democrático e participativo para cos cidadáns de que deben facer gala os Poderes Públicos nun Estado democrático. Ademais, enlaza tamén co principio de eficacia ao que alude o artigo 103.1 da Constitución. A audiencia outorgarase no seo do procedemento de elaboración, é dicir, antes da súa conclusión, xa que carecería de sentido outorgar a audiencia aos cidadáns "a posteriori", unha vez aprobada a norma. De aí que o artigo 105.a) refírese especificamente ao trámite "no procedemento de elaboración". **E por lóxica, o trámite de audiencia, non pode facerse coincidente con aquelas etapas de información pública** e consulta dos intereses sociais e institucionais afectados e das organizacións sen fins lucrativos que persigan o logro dos obxectivos da Lei 42/2007.

Compostela, 9 de setembro de 2013

Asinado,

Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**AO VALEDOR DO POBO**